



## Confraría de Espasante

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE CELEIRO-LUGO POLA QUE SE CONCEDE A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓNS DE MARISQUEO A PÉ NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL DA CONFRARÍA DE ESPASANTE.

**Asunto:** permiso de explotación

**Procedemento:** renovación do permiso

### Antecedentes

1. Por Resolución do 5 de xuño de 2024 do Departamento Territorial de Celeiro-Lugo abriuse o prazo para a presentación de solicitudes para a renovación dos permisos de explotación a pé modalidade de Marisqueo xeral no ámbito da Confraría de Espasante.
2. Dentro do prazo establecido, as/os mariscadoras/es que se relacionan no Anexo I presentaron solicitudes para a renovación do permiso de explotación para o marisqueo a pé.

### Consideracións legais e técnicas

1. Esta departamento territorial ten competencia para resolver este procedemento segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 decembro, de Pesca de Galicia modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira e a Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, modificada polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
2. Nas solicitudes formuladas apréciase a concorrencia dos requisitos necesarios para a renovación, establecidos na Orde do 15 de xullo de 2011, modificada polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro.
3. As persoas ás que lles corresponde a renovación, xunto coa solicitude, achegaron a documentación sinalada na orde anteriormente dita.
4. Unha vez estudados os expedientes e as solicitudes formuladas, compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos para a renovación do permiso de explotación.

Vistos os antecedentes, as consideracións legais e técnicas e de acordo co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, este departamento territorial no exercicio das súas competencias,





## RESOLVE

Conceder a renovación dos permisos de explotación de marisqueo a pé na modalidade de marisqueo xeral asociados á Confraría de Espasante que aparecen relacionados no Anexo I desta resolución e coa vixencia que nel se determina.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer no prazo dun (1) mes un recurso de alzada ante o conselleiro do Mar contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Esta resolución notifícaselle ás/aos mariscadoras/es relacionadas no Anexo I consonte o artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A directora territorial

María Carmen Gueimunde González





**ANEXO I**

**Relación de mariscadores que renovaron o permiso de explotación a pé na modalidade de Marisqueo xeral na Confraría de Espasante:**

| <b>Solicitante</b>                 | <b>NIF/CIF</b> | <b>Permiso<br/>Tipo</b>         | <b>Concesión<br/>Validez</b> | <b>SINATURA</b> |
|------------------------------------|----------------|---------------------------------|------------------------------|-----------------|
| CHACON MARTIN LUIS MIGUEL          | 24242295L      | 15C0900120Z8<br>Marisqueo xeral | 07/07/2023<br>31/12/2025     |                 |
| LAGE ANEIROS ALBERTO               | 76414921C      | 15C0900099Z8<br>Marisqueo xeral | 23/10/2012<br>31/12/2025     |                 |
| PERNAS SIERRA JESUS MANUEL         | 76418022Q      | 15C0900114Z8<br>Marisqueo xeral | 23/02/2017<br>31/12/2025     |                 |
| PIÑEIRO ORJALES JOAQUINA           | 76412562F      | 15C0900090Z8<br>Marisqueo xeral | 03/01/2002<br>31/12/2025     |                 |
| RIVAS TRASANCOS ANGEL              | 79338582J      | 15C0900119Z8<br>Marisqueo xeral | 22/07/2021<br>31/12/2025     |                 |
| RODRIGUEZ LAGE SANTIAGO            | 76404786M      | 15C0900101Z8<br>Marisqueo xeral | 23/10/2012<br>31/12/2025     |                 |
| TRASANCOS NUÑEZ ROSA<br>MARIA      | 76412670T      | 15C0900098Z8<br>Marisqueo xeral | 18/11/2010<br>31/12/2025     |                 |
| TRASANCOS NUÑEZ MARIA DEL<br>PILAR | 76404881P      | 15C0900092Z8<br>Marisqueo xeral | 03/01/2002<br>31/12/2025     |                 |
| TRASANCOS NUÑEZ MARIA<br>ROCIO     | 76413012C      | 15C0900097Z8<br>Marisqueo xeral | 18/11/2010<br>31/12/2025     |                 |

